

Luns, 22 de abril de 2024

Núm. 78

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### REDONDELA

#### Persoal, oposicións

*LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE REALIZACIÓN DO 1.º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO QUE SE CONVOCOU PARA CUBRIR 1 PRAZA VACANTE DE OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS (PERSOAL LABORAL FIXO)*

#### ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2024-1083, con data de 17/04/2024, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS (Persoal Laboral Fixo) do Concello de Redondela e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2020, na cal se establece o seguinte,

#### “RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021 e no núm.: 152, do 10/08/2022.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo de OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6.ª do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), categoría operario/a e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2020, mediante o sistema de oposición, en quenda libre, publicáronse no BOPPO núm.: 93, do 16/05/2023.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 07/07/2023 e rematou o día 04/08/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-2876, con data de 04/12/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS, polo sistema de oposición, quenda libre (Persoal Laboral Fixo), incluída na oferta de emprego público do ano 2020, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 236, do 11/12/2023.



Luns, 22 de abril de 2024

Núm. 78

O día 26/12/2023 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.

Tras resolver as alegacións que se presentaron contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas Bases Xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e de acordo coas bases específicas da convocatoria que se publicaron no BOPPO núm.: 93, do 16/05/2023, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.**— Admitir neste proceso selectivo a Rosa Fernández Santos, con DNI núm.: \*\*\*\*\*305-E e a Brais Pérez Rey, con DNI núm.: \*\*\*\*\*827-X e elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a cobertura dunha praza vacante de OPERARIO/A DE SERVICIOS VARIOS (Persoal Laboral Fixo), polo sistema de oposición, quenda libre.

**SEGUNDO.**— Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OPERARIO/A DE SERVICIOS VARIOS (Persoal Laboral Fixo), que estará integrado polos seguintes membros:

#### **PRESIDENTA:**

*Titular:* Ana María Osorio Calles, administrativa do servizo de Asistencia Intermunicipal.

*Suplente:* Antía Parcero Rodal, técnica de Mantemento do Museo de Pontevedra.

#### **SECRETARIA:**

*Titular:* Ana Gesteira Ponce, auxiliar de Arquivo do Concello de Redondela.

*Suplente:* M.<sup>a</sup> Lourdes Fernández Arines, auxiliar da Administración Xeral do Concello de Redondela.

#### **VOGAIS:**

*Titular:* Sonia María Cacabelos Cobas, oficiala de Servizos Xerais e Subalternos do Museo de Pontevedra.

*Suplente:* Raquel Carracedo Picáns, administrativa do Servizo de Recursos Humanos.

*Titular:* Leticia Carbajal Castiñeira, operaria de Servizos Varios do Centro Príncipe Felipe.

*Suplente:* David Mayán Garrido, operario de Servizos do Centro Príncipe Felipe.

*Titular:* Antonio Tubío Fungueiro, oficial de Mantemento do Centro Príncipe Felipe.

*Suplente:* Elías Outeda Insua, técnico Auxiliar de Instalacións Eléctricas do servizo de Arquitectura.

**TERCEIRO.**— A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:



Luns, 22 de abril de 2024

Núm. 78

*DÍA:* 15/05/2024

*HORA:* 09:30

*LUGAR:* Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

*CUARTO.*— As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

*DÍA:* 28/05/2024

*HORA:* 12:00

*LUGAR:* Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

*QUINTO.*— Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

*SEXTO.*— Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

